

<b>LCL</b>	IES de Mugardos. Departamento de Lingua castelá e Literatura		Bacharelato
	MATERIA	Literatura universal	<b>1.º BACH</b> 2021- 2022
	PROFESOR/A	Ana González	

## CONTIDOS

Os seguintes contidos son tratados ao longo das tres avaliacións de xeito práctico:

- Mitos, arquetipos e motivos recorrentes da literatura universal.
- Xéneros naturais e históricos na literatura universal.
- O sentido das obras. As relacións entre as obras literarias e o momento da súa produción.
- As relacións entre a literatura e o resto das artes.
- O traballo académico sobre a literatura: o comentario de textos e o traballo de investigación. Como elaborar unha opinión crítica e razoada sobre unha obra literaria.

### 1.ª AVALIACIÓN

- A literatura da Antigüidade: Mesopotamia, a *Biblia*, Grecia e Roma.
- A literatura da Idade Media: a literatura islámica e a occidental.
- O Renacemento: Dante, Petrarca, Boccacio, etc.

### 2.ª AVALIACIÓN

- O nacemento da literatura moderna: os séculos XVI e XVII.
- A Ilustración e a literatura do século XVIII.
- O Romanticismo e o realismo: as correntes literarias do século XIX.

### 3.ª AVALIACIÓN

- O simbolismo, o decadentismo.
- A literatura do século XX: as vangardas, as correntes de entreguerras e a literatura posmoderna.
- A literatura na sociedade de masas: relación entre literatura, cine e música.

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Actitude			
Conceptos e procedementos	100%	Probas escritas	50,00%
		Traballos/Proxectos	40,00%
		Lecturas	10,00%

Haberá dúas probas escritas por avaliación e catro traballos (que deberán ser entregados por escrito ao profesor ou expostos publicamente na aula).

En canto ás lecturas, os alumnos deberán ler unha obra relevante da literatura universal por avaliación, obrigatoriamente, que escollerán dunha lista proporcionada polo profesor. Farán unha proba escrita sobre ela. Se queren ler máis obras, poderán facelo e seralles tido en conta (tras pasar unha proba de lectura), subíndolles 0'5 puntos a nota da avaliación.

A nota final do curso será a media ponderada das notas das tres avaliacións: 1ª avaliación 30%, 2ª avaliación 30%, 3ª avaliación 40%. En caso de suspender, os alumnos poderán presentarse a un exame final, no que tamén se avaliarán as lecturas obrigatorias.

**No caso de detectar que se copia nos exames retirárase o exame inmediatamente e daráselle a oportunidade ao alumno/a de demostrar oralmente os seus coñecementos. No caso de negarse ou de non ser capaz de responder correctamente, poráselle un cero.**

## PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: Non

Lecturas Obrigatorias/Recomendadas:

1ª Avaliación: *Romeo y Julieta*, de W. Shakespeare

2ª Avaliación : *Frankenstein*, de Mary Shelley.

3ª Avaliación : *Selección de cuentos* de Edgar Allan Poe.

seralles proporcionada unha lista con obras do canon literario presentes na biblioteca do centro para que cada alumno faga a súa escolla (unha obra por avaliación).

## **TIC**

Os alumnos empregarán as TIC para recabar información e organizar as súas investigacións para contextualizar as obras e autores do programa. Por iso, serán adestrados no traballo de busca por internet e cotexo de fontes (fiabilidade, técnicas para procurar a información concreta desexada, etc).